

## Encrucilladas identitarias: sobre xénero, nación e literatura

**Helena González Fernández**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2004]). “Encrucilladas identitarias: sobre xénero, nación e literatura”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 241-250. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1220>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2004). “Encrucilladas identitarias: sobre xénero, nación e literatura”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2002, 241-250.

\* Edición dispoñíbel desde o 6 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Encrucilladas identitarias: sobre xénero, nación e literatura

---

*Helena González Fernández*

*Conforme as teorías posmodernistas, a estrutura social non xorde das experiencias das persoas senón dos discursos. Neste artigo imos abordar estes interrogantes: ¿Como se sitúan a si mesmos os discursos sobre o xénero e a nación, como posicións de resistencia, na complexa encrucillada das posicións do suxeito? ¿Como se plasma na literatura?*

*According to Postmodernist theories, social structure does not originate from personal experience but from discourses. In this paper, we approach these questions: How do the Galician gender and nation discourses —as resistance positions— position themselves within a complex crossroads of subjectivity positions? How can this be expressed in literature?*

Redactei a miña tese de doutoramento cos traballos de González-Millán enriba da mesa, axudándome a construír os feitos da literatura galega de mulleres de finais do século XX na encrucillada dos feminismos, a socioliteratura e os estudos sobre as alteridades nacionais. Contra o final do proceso de redacción, Xan, que foi amigo e mestre desde o tempo das laranxeiras, envioume os esborranchos dalgúns capítulos de *Resistencia cultural e diferenza histórica* que se había publicar ao ano seguinte. Adoitaba dar a ler aos máis achegados os seus textos antes de envalos ao prelo. Alí ofrecía modelos de análise e de posicionamento teórico con respecto ás identidades que agora constitúen unha boa guía de interrogantes, certamente moito máis útiles cós inventarios de certezas. Por ese carácter especulativo faltáballe un posicionamento máis explícito sobre a situación galega, e non era por falta de opinión nin de compromiso ético, como o que mostrou, decote nos seus traballos. Agora ese libro pode lerse como un chanzo máis na derradeira xeira da súa andaina teórica, unha xeira que quedou infelizmente fanada. Cando redactaba a tese quedoume pendente un diálogo con ese traballo, que agora retomo.

### 1. ESCRITORAS NO COMAREIRO IDENTITARIO

Dicía Virginia Woolf (2003: 23-30) no seu ensaio “Women and Fiction” que a escrita feminina estaba sometida aos condicionantes históricos, e coa súa afirmación destruíase de maneira implícita o mito da inspiración creadora, que “por orde superior” (se se quere, o destino, a transcendencia...), non alentaba convenientemente nas cabezas femininas. As mulleres, como os negros —e a comparación proposta pola propia Woolf resultaba do máis pertinente pensando na implicación

das mulleres do norte na loita polo abolicionismo nos Estados Unidos—, non dispuñan das condicións materiais nin do apoio social para abordar en igualdade de condicións a escrita. Tirando do fío do novelo conclúese sen moito esforzo que toda produción cultural, particularmente se se trata dunha manifestación de resistencia, está especialmente marcada polos condicionantes sociohistóricos. Pero só estes últimos teñen vontade de incidir na “configuración dun marco interpretativo, que emerxe dos actos de resistencia nos que se van facendo realidade determinados intereses, e unha progresiva politización da vida cotiá, como consecuencia dos usos públicos de ámbitos previamente clasificados como privados, mellor dito, irrelevantes” (González-Millán 2000: 111). Ou, de maneira máis concisa, cun lema dos feminismos marxistas: “o privado é político”.

Da confluencia das teorías feministas con outras teorizacións das alteridades identitarias en función do xénero, a nación, a etnia ou a opción sexual, tómase conciencia da acumulación de posicións resistentes fronte a unha concepción uniformizadora das alteridades e a tendencia dalgunhas delas a antepoñerse, ben porque se sitúan como “prioritarias” ou ben porque se consideren “máis xerais”. En calquera caso, compróbase como tamén desde posicións resistentes se tendeu á xerarquización e homoxeneización das identidades emerxentes. Nun artigo anterior expliquei que historicamente o nacionalismo patriarcal galego tentou assimilar e neutralizar o discurso literario resistente das mulleres, ou sexa, feminista, e para iso empreguei unha metáfora identitaria suxestiva, e acaída ao caso galego, tirada dos estudos poscoloniais: a *totalizing umbrella*, que eu á mantenta preferín traducir como o *paraugas totalizador* (González Fernández 2001: 44). Con esta metáfora refírome a unha estratexia de asimilación na que os discursos dominantes da nación—androcéntricos— articulados desde a resistencia tentan nivelar aqueloutras posicións identitarias que consideran exocéntricas. O obxectivo é assimilar e sumar mais sen alterar os principios cohesionadores fundamentais; é dicir, aceptar novas posicións identitarias pero só se xerarquicamente se sitúan nun segundo plano respecto ao ítem cohesionador principal, a nación. Xa que logo, bateríase cunha situación semellante á da “estranxeira na súa patria” que describía Rosalía de Castro.

A noción de asimilación tamén se atopa ata certo punto na idea de que as mulleres podemos ter éxito nunha sociedade androcéntrica en tanto nos cingamos ás leis, aos modelos, ás normas que teñen teoricamente en consideración (e como sabemos, nin sequera) as necesidades de parte da poboación; noutras palabras, en tanto que as mulleres “sexamos como”, diluíndo a diferenza xenérica, asimilándonos nun imposible.

O resultado máis palpable da “estranxeirización”, ese sinalar, ese crear, diferenciar esoutro/esoutra do “un” (onde se sobreentende o “un” como modelo e o outro/outra como desviación da norma) é tanto o sexismo como o racismo e a consideración de cidadáns de primeira e segunda clase, de cidadáns normativos e cidadáns/ás que non se cinguen á norma. (Sabadell 2003)

A propia Joana Sabadell, no seu artigo apunta como esta xerarquización das identidades implica un sistema de valores que tira importancia a esas identidades asimiladas, que, de non aceptaren a xerarquía serían acusadas de traizón nacional. Baixo esta óptica poderían lerse as dificultades coas que baten os feminismos en Galicia nos anos 70 e 80.

O argumento da falta de solidariedade, de traizón nacional, de no ser capaces de atender a cuestións fundamentais para TODOS recíclase a convir para dar a impresión de que ese TODOS non xenérico incorpora

tamén as mulleres; é esta una falacia androcéntrica que vai unida á demonización de que son obxecto os que non se suman ao proxecto nacional monolítico, dos que o cuestionan radicalmente. Estes intentos de descalificación/culpabilización foron empregados en relación ao feminismo desde tempos inmemoriais, e se mal non lembro, e no ámbito da política pública, cando menos desde mediados do século XIX. (Sabadell 2003)

## 2. A LEXITIMACIÓN DOS XÉNEROS

Con todo e iso cómpre recoñecer que o grao de institucionalización dos discursos das mulleres, e aínda dos feministas, é algo maior no sistema literario galego ca noutros, como pode ser o catalán, un sistema literario resistente e aparentemente na mesma situación, pero cun maior grao de normalización, un mercado ¿suficiente? e, sobre todo, cunhas institucións literarias menos receptivas á modernidade e máis sensible ao mito da normalidade. Efectivamente, o sistema literario galego é máis proclive á incorporación dos produtos das escritoras, e sobre todo, é moito máis efectivo á hora de ofrecer modelos literarios novos, e, cómpre subliñalo, *lexitimados*, como subliña Even-Zohar (1997). A crítica tradicional e a crítica feminista canónica cadran por vías explicativas diverxentes na importancia da lexitimidade simbólica que ofrece Rosalía; uns por vía de mito máis ou menos modernizado da Rosalía-matria; outras pola singularidade dunha figura auroral que foi firme defensora das escritoras (“Las literatas” e o prólogo de *Follas Novas* son dous textos claves) e que ofrece un abano reivindicativo de figuras femininas (penélopes, viúvas, nais-coraxe...). Mais a lexitimidade restituída polas escritoras e teóricas na segunda onda do feminismo a partir da revisión do mito rosaliano, non semella un argumento suficiente para explicar cando menos tres indicadores ben interesantes que atinxen ao sistema literario galego no seu conxunto (e non só a un discurso alternativo feminista):

1. *O éxito das poeróticas femininas a mediados da década dos 90.* As *poeróticas* (ou poéticas éticas eróticas) reviraron o modelo de escrita iniciática feminina, que troca a poesía sentimental amorosa pola escrita do goce e a pornografía desde o compromiso de xénero. Propoño o termo, se cadra un chisco bárbaro, de *poeróticas* para esta concepción subversiva do erotismo, comprometida e provocadora que aparece nos 90. Nesta liña encádranse sen fenda toda a obra publicada de Olga Novo. Tamén boa parte da obra poética de Lupe Gómez. E, con atrancos polo que fai á posición de xénero, os primeiros poemarios de Yolanda Castaño, nos que hai máis de insolencia que insubmisión fronte á erótica patriarcal. As tres escritoras serviron de modelo para as seguintes calas amorosas adolescentes. As tres escritoras se benefician de dous precedentes singulares e saudados calurosamente no momento da súa publicación: a insolencia da adolescente de *Baleas e baleas* de Luísa Castro e a explicitación dos corpos femininos no libro máis coñecido de Xela Arias, *Tigres coma cabalos*, no que os poemas ían acompañados, con idéntica importancia, por coidadas fotos de Xulio Gil na que o motivo omnipresente é o corpo nu, entre eles o da propia autora. Isto levou en moitos casos a facer unha *lectura* en diagonal do libro, primando, como nos Clásicos Ilustrados Bruguera, a lectura rápida e superficial a través das imaxes e non dos poemas (cumpriría repasar con máis vagar os retratos, compostos con todo coidado, especialmente aquel no que a autora núa fita un triángulo simbólico composto por latas, ou aqueloutro no que aparece cunha estrela vermella en primeiro plano).

2. *A elección dun poema feminista, o “Penélope” de Xohana Torres, como o poema máis destacado do último cuarto de século.* Para celebrar os 25 anos da fundación de A Nosa Terra, a editorial preparou no ano 2003 varios monográficos na súa colección “Cadernos de Pensamento e Cultura”; trátase dun caderniño de gran difusión popular e que será lido por un público sensible á incorporación de novos símbolos nacionalitarios. No dedicado á literatura aparece unha enquisa a cinco antólogos e antólogas da poesía galega aos que se lles pide que elixan os cinco mellores poemas dese período. Só as dúas antólogas xustifican a selección (!) e en total catro de cinco concordan en incluír na súa escolma o poema-bandeira do feminismo galego. O artigo ábrese cos retratos de Xohana Torres e Méndez Ferrín poñéndolle rostro ao canon poético.

3. *A rápida conversión da poética posmoderna de Chus Pato en modelo literario.* En só dez anos pasou de ser poeta serodia autoeditada a escribir un libro tan senlleiro com *m-Talá*, que baliza, xunto co *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, dous momentos importantes na poesía recente. Baixo a mesma óptica non deixa de ser sorprendente a canonización inmediata aceptada por parte de posicións nacionalistas monolíticas (non confundir con nacionalismo de dereitas ou esquerdas senón con concepcións conservadoras ou non dos nacionalismos) dunha voz tan radicalmente feminista como a de Chus Pato, que en *m-Talá* perpetra varios atentados de importancia contra os fundamentos do edificio nacional herdado, incluso contra a “nai simbólica” lexitimadora, Rosalía. Non resulta doada de explicar a rápida aceptación dun modelo situado “fóra” das convención poéticas, marcado negativamente polo hermetismo, unha complexa rede interdiscursiva e a dificultade da lectura. Esta poética como explicitación dun pensamento “forte” afirmase nunha trepia: na súa actitude de vangarda integral, na enunciación polifónica e nunha poética do manifesto que lle permite enrestrar proclamas e consignas políticas en contra do capital e a favor dos (post)feminismos e dos (post)nacionalismos (enténdase o post- como formulacións non esencialistas das identidades). En calquera caso, a insurrección contra toda norma sitúaa, paradoxalmente, nunha posición cada vez máis central na canonización inmediata. Se cadra a resposta atópase no complexo de carencia aínda non superado no sistema literario galego, e alén máis na longa conxuntura política desfavorable para os nacionalismos que convertería o texto nunha plasmación posible da comunidade imaxinada (de novo a literatura materializando a identidade que non atopa corpo político). E logo, claro está, habería que transitar os camiños interpretativos do “xenio poético”... que se autoafirma como “unha nova experiencia política do sensible ou experiencia sensible do político” (Pato 2000: 47).

Os tres fitos que se veñen de citar refírense a un único xénero literario, a poesía. Certamente a singularidade do espazo literario no que as escritoras aquelaron casa de seu, debe ter algo que ver con esta elección de xénero literario á contra do que dita o mito da normalidade ao referirse ao sistema literario e ao posicionamento feminista, ambos e dous turrando por unha necesaria existencia de narradoras, seguindo os ditados do mercado, e da visibilidade popular. Observamos, non obstante, que nos sistemas literarios máis estables as mulleres dos 80 e comezos dos 90 practican unha literatura en “liberdade condicional”: poden elixir entre os xéneros literarios lexitimados pero pouco recoñecidos polo canon (LIX, narrativa do eu e dos sentimentos, a prosa lírica...), ou ben poden apostar por xéneros populares, como a narrativa, e daquela, desde a década dos 90 poden beneficiarse da “moda literaria” do feminino; naturalmente tamén poden ser poetisas ou dramaturgas, pero o seu recoñecemento é marxinal polas restricións de público.

Nalgúns sentidos a normalización do catalán, no seu significado primeiro de “modernización”, converteuse en varios aspectos en “normativización”, no sentido de implantación de normas, deixando a moitos e, sobre todo a moitas, nas marxas, o que debería ser anatema para unha comunidade, á súa vez, minorizada. (Sabadell 2003)

Esta primeira división de roles e “deberes” coa quimérica normalidade opera tamén no sistema literario galego, que anota insatisfeito a carencia dunha xeración esperanzadora de narradoras (que emerxe no ano 2001 con Rosa Aneiros, Inma López Silva, Anxos Sumai) e, no polo oposto, a excelente visibilidade e recepción das poetas. O feito de que o sistema literario galego lastre tantas carencias, fai que as regras que operan non sexan exactamente as mesmas e beneficia ás escritoras que, ademais, contan cun argumento lexitimador sen chata desde o discurso nacionalista, o feito de ter sido unha escritora, muller e poeta, o referente clásico galego, e a literatura un discurso central no proceso de definición da cultura nacional, aínda que agora nunha posición secundaria respecto do audiovisual. (Sabadell 2003).

### 3. DA IDENTIDADE OXIMORÓNICA Á ENCRUCILLADA IDENTITARIA

A estratexia do paraugas totalizador, subsumindo alteridades, axexa na porta (cumprirá seguir con atención os modos en como incorpora a xeración de narradoras que acaba de publicar e, sobre todo, a evolución da moda de literatura de mulleres). A alternativa á visión xerarquizada das indentidades que desde os comezos propuña o feminismo nacionalista é a *identidade oximorónica* (Nichols 1995: 116), na que se priorizan dous trazos diferenciais como argumentos cohesionadores desta identidade subalterna. Estes dous ítems identitarios formúlanse en clave de diferencia histórica e resistencia e *aparentemente estables*: “nación” e “xénero”.

No caso da literatura galega, o ítem “nación” reformúlase como un criterio filolóxico: “estar escritos en determinada lingua” (que leva implícito, aínda que inestable, o criterio territorial). O mesmo acontece co caso catalán, e, non obstante, todas as aproximación ao tema cadran en avisar da necesidade de non sustentar só na lingua as valencias identitarias. Sen necesidade de saír da casa, o propio González-Millán abordou a cuestión con respecto ao concepto de nación que alicerzou a súa diferencia na lingua e que González-Millán (1998:10) denomina *nacionalismo filolóxico*. Desde certos feminismos cataláns tamén se está debatendo o tema. Joanna Sabadell, que é profesora na State University of New York, problematiza a cuestión con respecto ao caso catalán no artigo “Xénero e modelos literarios nacionais” onde, a diferenza do caso galego, existe unha tradición sólida e recoñecida como propia de escritores cataláns en español (singularmente os que se coñecen como autores das “novelas de Barcelona”). Pero aínda dá unha alancada máis, e apunta cara ao futuro inmediato desde a realidade americana, e aínda que non o explicita no artigo, a metáfora que podería estar no trasfondo da súa proposta é a do *mosaico* cultural, que xa empregou para lle dar título a un conxunto de traballos sobre as poesías peninsulares, *Mosaico ibérico. Ensayos sobre poesía y diversidad* (1999).

[...] observaremos que, a miúdo, editoriais, críticos literarios, educadores e a política cultural en xeral parecerían embarcarse na posta en práctica do modelo da nación/estado monolítico, pasando por alto os problemas identitarios que iso conleva, e duplicando os erros que se cometen nestes cando non se recoñece a diversidade que os constitúen: no noso caso, os cataláns que non escriben en catalán, as mulleres escritoras afastadas dos centros de

poder, en catalán e en castelán. E é que a pluralidade existente na nosa sociedade, sobre todo no lugar de encontros e desencontros que é especialmente Barcelona, e outras áreas metropolitanas, onde coexisten múltiples costumes, linguas, razas, relixións, xéneros, non se ve suficientemente representada na paridade xenérica; non se reconece na práctica a diversidade étnica e/ou racial; non se prestixia o bilingüismo de feito, como unha das nosas grandes riquezas culturais. (Sabadell 2003)

O argumento prosegue polo cuestionamento dunha concepción centralista e excluín-te de toda periferia: a literatura escrita noutras linguas en Cataluña, a literatura en catalán escrita desde fóra de Cataluña, e a literatura escrita en catalán por mulleres pero que atenta contra a norma instituída e avoga por un cambio de paradigma polo que se deixe de considerar a literatura catalá como un exercicio de resistencia e, xa que logo, operen nela criterios diferentes. O texto é longo pero esclarecedor, e paga a pena reproducir a súa argumentación:

Neste sentido, no debate existente arredor da literatura e cultura catalás en defensa da comunión entre lingua e literatura ou á alianza entre literatura e sociedade, e en coherencia co devandito, avogo pola segunda opción. É dicir, e máis concretamente, pola consideración de que a literatura e a cultura son producións sociais, e que dado que a sociedade catalá é bilingüe, así o deberían reflectir os textos de referencia, os textos que nos serven como modelo a mulleres e homes catalán e castelán falantes. [...] Sen dúbida ningunha, a corrente maioritaria en Cataluña é a que opta por considerar como catalá a literatura escrita en catalán. Pero os anos da resistencia xa pasaron, o propio Oriol Izquierdo reconecía ese cambio cando se facía eco de que “en situación de libre iniciativa e competencia, varias voces se están erguendo contra a concepción totémica da lingua”. Se cadra, os tempos son chegados de tratar a cultura como se fose una realidade multiforme e non un símbolo político [...].

Posto que a idea mesma de nación, tanto como os cidadáns e cidadás que a constitúen, é un concepto variable, flexible, un concepto que é e debe ser acomodable ás necesidades tamén variables destas e destes, pódese —podemos— escoller, desenvolver un modelo excluín-te ou incluín-te. Porque tal como afirman Ranchold-Nilsson e Tétreault (p. 24), “os estudos feministas sobre nacionalismo poñen énfase nos modos en que as identidades nacionais son *construcións sociais* e se superpoñen a outras dimensións do eu”, é dicir que apuntan a que esas identidades son unha construción que ten (debería ter) que ver co desenvolvemento histórico, coas necesidades da cidadanía e non coa inmutabilidade/irracionalidade do mito. (Sabadell 2003)

Sen dúbida esta proposta non é traducible á realidade galega, non só porque a realidade social non é tan multicultural, senón, sobre todo, porque non existe unha institucionalización parella da literatura galega. Non obstante, a actual crise do libro, que afecta a varias cuestións de carácter económico e de mercado, volve poñer en cuestión qué literatura se escribe, en función de qué realidade e para qué tipo de lectores. Pero en todo caso, e por comparación cunha sociedade que presente no horizonte especular da construción nacional galega, confirma algunhas cousas que nos interesan neste artigo: a inestabilidade dos criterios nacionalitarios, a necesidade dunha adecuación ás novas construcións identitarias e, unha vez máis, a singularidade do caso galego con respecto ao recoñecemento das producións escritas por mulleres, ou alomenos, daquela que mellor cadra coa súa posición resistente.

Polo que fai ao ítem “xénero” delimitouse como “autoría feminina”, en calquera caso, alén das prácticas estéticas/políticas das autoras, que poden declararse/percibirse non nacionalistas e non feministas e, sen embargo, pertencer ao grupo “escritoras gale-

gas". Polo que atinxe ao criterio de xénero, a teoría lesbiana xa cuestionou desde finais dos anos 80 a proscrición da "sexualidade" como criterio nas teorías feministas (ou se se preferir, a "opción sexual"). Xa que logo a encrucillada identitaria multiplícase e, como problematiza Beatriz Suárez Briones (2002: 33) adéntrase nunha multiplicidade de fronteiras inestables nas que converxen varias construcións culturais: a sexualidade, o xénero, a raza, a clase. E, engado, a nación. O ítem "sexualidade/opción sexual" pon en evidencia a existencia do colectivo LGTB (na literatura galega aínda LG[TB]<sup>1</sup>), cohesionado pola súa posición *outra* fronte á heterosexualidade obrigatoria. LGTB é a sigla convencional para *lesbiana gai travesti bisexual* e a súa heteroxeneidade, que devolve o xénero á fronteira difusa (masculinidades e femineidade confúndense, e mesmo se alían polo feito de compartiren uns mesmos condicionantes sociohistóricos) e pon en evidencia a resistencia a unha nova definición monolóxica das identidades de xénero que os converte en *s/extrangers* aínda que se faga desde a subalternidade, especialmente con respecto a un ítem tan cambiante e sometido á privacidade como o da "sexualidade/opción sexual". A diferenza dos outros dous ítems, aínda non atopou un trazo cohesionador aparentemente máis neutro, máis estable. Precisamente este é un dos trazos que denota a súa condición de máis resistente fronte a outros criterios identificadores aínda subalternos e políticos pero pactados e (aparentemente) non-subxectivos, ou sexa, cunha utilidade taxonómica.

Seguindo a Calhoun, un dos sociólogos de cabeceira da última xeira de González-Millán, parece posible a simultaneidade de diversas identidades sociais nun mesmo individuo e, xa que logo, ponse en cuestión calquera definición homoxeneizadora e totalitaria. En calquera caso, velaí as dificultades para conformar unha única identidade oximorónica desde o xénero, senón máis ben que a constatación de que as encrucilladas e a composta por "xénero feminino" máis "nación" é só (¿só?) a opción mellor situada, ou, se se quixer, menos resistente. Resulta evidente que a encrucillada identitaria na actualidade debe resolverse en razón da multiplicidade e non dunha concepción orgánica e xerarquizada e por iso desde o feminismo se propoñen configuracións politicamente localizadas pero non preexistentes ao individuo como a identidade nómada (Rosi Braidotti). No seu achegamento á teorización do suxeito subalterno tal como o estuda Sherry Otner, González-Millán abunda na necesidade de alancar desde o suxeito esencial e homoxeneizador cara a unha comprensión máis flexible das identidades.

A alternativa á entelequia dun suxeito absolutamente libre de todo condicionamento, exemplificado no ilimitado poder creativo do demiurgo romántico, que foi tan efectivo na configuración do escritor como prototipo do imaxinario nacional, pasa polo recoñecemento dunha subxectividade que, aínda que pode estar fragmentada e ser contradictoria, non carece dun certo grao de efectividade como espacio social instituído para construír (e imaxinar socialmente) determinadas estratexias de resistencia fronte ás imposicións políticas, económicas e socioculturais. (González-Millán 2000: 129)

Tamén por aí, as encrucilladas xénero e nación. Léase Chus Pato en *m-Talá*, que, alén da poesía, é un tratado sobre estas cuestións, ou Ana Romaní en "As papoulas, o xardín e outros rubores ou sobre o anxo da casa e as literatas". Por aí a problematización dos retos.



## NOTAS

- 1 Na literatura galega actual resultan máis recoñecibles as obras estritamente lésbicas e gais, e, como é de agardar logo de observar esta xerarquización das prioridades identitarias, cunha maior visibilidade do gai, ou sexa, das *masculinidades-outras*.

## Referencias bibliográficas

---

González Fernández, Helena

- 2001 “Literatura galega de muller, unha visión sistémica”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 1999: 41-67.

González-Millán, Xoán

- 1998 “O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión”, *Cadernos de lingua* 17: 5-24.
- 2000 *Resistencia cultural e diferenza histórica* (Compostela: Sotelo Blanco).

Nichols, Geraldine

- 1995 “The construction of Subjectivity in Contemporary Women Writers of Catalonia”, en *Spain Today. Essays on Literatura, Culture, Society*, editado por J. Colmeiro et al.: 113-126 (Hanover: NH, Dept. of Spanish and Portuguese).

Pato, Chus

- 2000 *m-Talá* (Vigo: Xerais).

Romaní, Ana

- 2003 “As papoulas, o xardín e outros rubores ou sobre o anxo da casa e as literatas”, en *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, coordinado por Belén Fortes: 145-149 (Compostela: Sotelo Blanco).

Sabadell, Joana

- 2003 “Xénero e modelos literarios nacionais”, *Vieiros. Canal Estudos Galegos*, Monográfico 6 *Sen fronteiras o xénero*. Consultado 09/09/2003. <<http://www.vieiros.com/noticia.asp?Ed=60&N=26360>>

Suárez Briones, Beatriz

- 2002 “Teoría feminista/Teoría lesbiana”, en *O evidente nom existe*: 32-41 ([Sen lugar]: Mulheres Nacionalistas Galegas).

Woolf, Virginia

- 2003 “Mulleres e ficción”, en *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, coordinado por Belén Fortes: 23-30 (Compostela: Sotelo Blanco).